

RESOLUCIÓN NA QUE SE MODIFICA O ANEXO I

D. Miguel Fernández Rodríguez, en calidade de Director Xerente e en representación da **“Fundación Centro Tecnolóxico da Carne”**, con domicilio social no Parque Tecnolóxico de Galicia, na Rúa Galicia, num. 4, CP: 32900, sito no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense,

RESOLVE

Nomear a Daniel José Franco Ruíz, como vogal da Comisión de Selección do procedemento de contratación polo sistema de concurso e mediante contrato de duración determinada, de persoal para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, no marco dos Programas Lucas Labrada e Isabel Barreto coa REF. PER.-2009/03, en substitución de José Manuel Lorenzo Rodríguez, que por motivos persoais non pode exercer as súas funcións no devandito procedemento.

San Cibrao das Viñas, a 08 de Outubro de 2009

O Director Xerente



Asdo.: Miguel Fernández Rodríguez.

ANEXO I.

COMISIÓN DE SELECCIÓN.

A Comisión de Selección terá como misión a realización do procedemento de selección garantido os principios de equidade e imparcialidade na procura do mellor perfil profesional.

1.- A Comisión de Selección, designada polo Director Xerente da Fundación, estará formada por:

- Presidencia: Xefa de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentaria.
- Secretaría: Responsable da Área Xurídica.
- Vogalía: Responsable do Laboratorio de Físico Química

Poderanse nomear asesores da Comisión, os cales se limitarán ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán co tribunal con base exclusivamente nas mesmas, con voz pero sen voto.

2.- Os membros da Comisión de Selección absteranse de intervir, notificándollos ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou tiveren realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco (5) anos anteriores á publicación desta convocatoria.

3.- Funcións:

- Avaliar os méritos, e outorgarlles cualificación aos aspirantes segundo as normas desta convocatoria.
- Formalizar, mediante actas, todo o proceso do concurso e o resultado final, que será remitido ao órgano de contratación mediante certificación do secretario da comisión de valoración respecto da lista de aspirantes por orde de cualificación, de máis alta a máis baixa.

4.- Para a válida constitución da Comisión de Selección, requirirase a presenza de todos os seus membros. As decisións da Comisión de Selección adoptaranse por maioría dos membros presentes no momento da votación.

5.- Para efectos de comunicación e demais incidencias, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, Parque Tecnolóxico de Galicia, rúa Galicia, num. 4, San Cibrao das Viñas, CP: 32900, Ourense.

En San Cibrao das Viñas, a 08 de Outubro de 2009.

O Director Xerente



Asdo.: Miguel Fernández Rodríguez.